

CONDICIÓN S PARA A VENDA DE RESERVA DE ENTRADAS E BONOS

Os prezos públicos para a reserva de entradas e bonos teatro fíxanse co obxectivo de mellorar a xestión dos accesos ás obras do **Outes a Escena**, facilitar o financiamento de obras culturais de maior calidade e garantir a colaboración económica dos visitantes co financiamento de actividades municipais.

Os prezos públicos fíxanse en base ao acordo regulador (Expediente 401/2024) aprobado no pleno extraordinario do 17 de xullo de 2024 publicado no BOP e na páxina web municipal. A adquisición das entradas poderá facerse de xeito presencial, efectuando un pago a través de TPV na Casa da Cultura ou de xeito telemático a través dun sistema electrónico de reserva e pago. En calquera dos dous casos, os prezos serán independentes das diferentes cotas ou gastos de xestión que poidan aplicar terceiros. A área de servizos sociais do concello poderá redactar un informe aplicando unha bonificación ou exención a aquelas persoas que, por estaren en situación de exclusión social ou no limiar da pobreza, lles supoña un gasto inalcanzábel o pago da entrada.

Por norma xeral, as persoas que dispoñan dun carné xove, os menores de 12 anos en obras infantís, os maiores de 65 anos e as persoas en paro poderán gozar dun desconto de 1,50 € no prezo da entrada individual. Para que este desconto teña validez, á hora da compra presencial ou do acceso (en caso de venta telemática) deberán presentar un documento acreditativo da idade, paro ou carné xove para poder acceder ao auditorio. En caso de non poder validar dito desconto, será necesario aboalo antes de acceder ao auditorio. Este desconto unitario non se poderá aplicar nunca aos diferentes bonos de teatro dispoñibles posto que estes xa gozan dunha porcentaxe de desconto propia.

A adquisición de entradas unitarias ou bonos de teatro non son obxecto de reembolso nin devolución. Só se poderá reembolsar en caso de cancelación do evento por forza maior.

As portas da Casa da Cultura quedarán pechadas na hora exacta do comezo da función polo que calquera persoa con entrada reservada ou bono perderá o dereito de acceso en caso de chegar máis tarde desta hora. En consecuencia, os espazos libres poderán ser asignados a outras persoas que chegaran en tempo e forma.

Para evitar esta situación, recoméndase estar no acceso media hora antes do comezo da función para validar o acceso ao auditorio e facer efectiva a reserva.